

Hoteles / Hoteles / Hotels / Hôtels

Eurostars Auriense (****)

O Cumial, 12. 32915 · Tel. 988 234 900 · Fax. 988 245 001
www.eurostarsauriense.com · reservas@eurostarsauriense.com

Francisco II (****)

Bedoya, 17. 32004 · Tel. 988 242 095 · Fax. 988 242 416
www.hotelfrancisco.net · hfranciscoii@wanadoo.es

Gran Hotel San Martín (****)

Curros Enríquez, 1. 32003 · Tel. 988 371 811 · Fax. 988 372 138
www.gh-hoteles.com · reservas.oreense@ghhoteles.es

Princess (****)

Av. Habana, 45. 32003 · Tel. 988 269 538 · Fax. 988 269 825
www.ga-hoteles.es · hprincess@hotelprincessoreense.com

Altiana (**)

Ervedelo, 14. 32003 · Tel. 988 370 952 · Fax. 988 370 128
hoteltaltiana@hotmail.com

Puente Romano (**)

Ramón Puga, 56. 32005 · Tel. 988 231 520 · Fax. 988 231 520
www.reservashotelpuenteromano.com
reservas@hotelpuenteromano.com

San Rosendo (**)

N-525, km. 235. 32911 · Tel. 988 248 811 · Fax. 988 248 761

Bamio (*)

Finca Bamio, 13. 32004 · Tel. 988 249 660 · Fax. 988 249 653
ourense@fitness-place.com

Corderí (*)

Ervedelo, 7. 32003 · Tel. 988 221 293 · Fax. 988 221 293

Irixo (*)

Irmáns Villar, 15. 32005 · Tel. 988 988 254 620
www.hotelirixos.es · info@hotelirixos.es

Río Miño (*)

Juan XXIII, 2. 32003 · Tel. 988 217 594 · Fax. 988 217 594

San Marcos (*)

Ctra. das Barxas, 4. Cudeiro · Tel. 988 511 655 · Fax. 988 511 656

Severino (*)

Xunqueira de Espadañedo, 2. 32004 · Tel. 988 231 722 · Fax. 988 232 125
www.hotelseverino.es

Zarapallo (*)

Irmáns Villar, 31. 32005 · Tel. 988 220 053 · Fax. 988 230 008
www.zarapallo.com · zarapallo@zarapallo.com

Pensións / Pensiones / Guesthouse / Hébergement

Univ ersidad (****)

Rúa Telleira, 7. 32004 · Tel. 988 246 974

Cándido (**)

Irmáns Villar, 15-B, 2º. 32005 · Tel. 988 229 607 · Fax. 988 242 197

Mabú (**)

Estrada de Vigo, 39. 32001 · Tel. 988 217 842 · Fax. 988 212 993

San Andrés (**)

Av. Buenos Aires, 83. 32004 · Tel. 988 246 974

San Miguel (**)

San Miguel, 14. 32005 · Tel. 988 239 203 · Fax. 988 242 749
www.restaurante-sanmiguel.com
info@restaurante-sanmiguel.com

Cinco Rutas (*)

Monte Medo, 9. 32005 · Tel. 988 220 235

Fernández (*)

Ramón Puga, 61. 32005 · Tel. 988 237 492

Fran-Mar (*)

Eulogio Gómez Franqueira, 5-2º. 32001 · Tel. 988 215 851

Josefa (*)

Progreso, 21-2º. 32005 · Tel. 988 220 030

La Rotonda (*)

Avda. Marín, 41. 32001 · Tel. 988 218 606

Lido (*)

Juan XXIII, 4. 32003 · Tel. 988 213 600 · Fax. 988 213 600

Posío (*)

Progreso, 21, 1º. 32005 · Tel. 988 223 441

Puxedo (**)

Avd. das Caldas, 41. 32001 · Tel. 988 217 607

Velle (*)

Avda. Santiago, 95. 32001 · Tel. 988 215 043

Que é un plano de dinamización?

A administración pública do estado español ten entre os seus obxectivos o fomento dos recursos existentes e os de nova creación, ofertando un produto diferenciado, diversificado e favorecedor dun desenvolvemento sustentable, acordos coas expectativas dunha demanda máis preparada e esixente. Neste contexto creáronse, ao abeiro do Plano Integral da Calidade Turística Española (PCTE), os Planos de Excelencia e de Dinamización Turística. Os Planos de Dinamización, en xeral, non son tanto un distintivo coma un xeito de actuar, un aparello capaz de provocar un efecto dinamizador sobre o destino.

Ourense, como cidade de grande valor termal, histórico, artístico e monumental, viuse beneficiada dun Plans de Dinamización Turístico de tres anualidades de duración. O acordo asinouse o pasado 31 de xuño de 2006 entre a Secretaría de Estado de Comercio e Turismo, a Consellaría de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, o Concello de Ourense, a Federación Provincial de Comercio de Ourense e a Federación Provincial de Hostalaría de Ourense, declarándose a cidade de Ourense destino piloto para a aplicación dun Plano de Dinamización de Produto Turístico.

Obxectivos xerais

- Aumento da calidade dos servizos turísticos do destino.
- Mellora do medio urbano e natural do Municipio.
- Ampliación e mellora dos espazos de uso público.

- Aumento, diversificación e mellora da Oferta Complementaria.
- Posta en valor de recursos turísticos.
- Creación de novos produtos.
- Sensibilización da poboación e axentes locais nunha cultura de calidade.

Actuacións da segunda anualidade

1. Adecuación do medio urbano

Accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas
Centro de recepción de visitantes.
Centro termal -arqueolóxico das Burgas.

2. Adecuación de espazos naturais

Localización de áreas de multiaventura no contorno do Miño.
Cualificación e excelencia do itinerario ambiental do río Miño.

3. Produto turístico

Plano de apoio ao Entroido.
Observatorio turístico.

4. Márketing e comunicación

Accións de comercialización.
Plano de captación de inversores hoteleiros.

5. Xestión, formación e calidade

OURENSE CAPITAL TERMAL

PLANO DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA

ourense capital termal

ourense capital termal

tenencia DE GALICIA CONCELLO DE OURENSE

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA Dirección Xeral de Turismo


GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE ECONOMÍA, TURISMO Y CONSUMO

GOBIERNO REGIONAL DE GALICIA

FEDER

Aloxamentos turísticos





Fonte das Burgas

As Burgas son fontes termais divididas en tres mananciais, nunha paraxe de perpiaño recentemente remodelada e estruturada en tres niveis.

Na parte inferior do xardín atópase a Burga de Abaixo, fonte de estilo neoclásico tardío proxectada a mediados do s. XIX.

Na parte superior, a Burga de Arriba, fonte de estilo popular do s. XVII. Á dereita está a réplica das catro aras atopadas na cidade, a primeira en honor das ninfas destas augas.

Características

Augas de mineralización media, hipertermais, alcalinas, litínicas fluoradas, silicatadas, lixeramente radioactivas.

Temperatura: de 60 °C a 67 °C.



As nosas augas

Termas da Chavasqueira

Centro termal de estilo xaponés

As augas do manancial son augas bicarbonatadas sódicas, fluoradas, litínicas e sulfuradas de mineralización media.

Servizos

Circuíto termal - Ofuro: Baño interior de pedra a 39°C.

Circuíto xaponés lúdico-termal segundo a filosofía ZEN.

Rotemburo: Combinación de tres piscinas termais de pedra ao aire libre con auga a 41°C.

Templarium: Sauna zen de pedra e lousa a 40°C e 70% de humidade.

Sudarium: Sauna xaponesa de pedra e madeira a 45°C e 85% de humidade.

Tsumetai: Piscina de auga fría para choque térmico.

Masaxe en cadeira sueca.

Masaxe de relaxación parcial ou completo en angarella.

Restaurante, cafetería.

Bar xaponés.

Servizo de sushi-bar por encargo con dous días de antelación.

Horario inverno

De martes a xoves. Horario continuo 9:30 a 23:30 h

Venres. Horario continuo 9:30 a 3:00 h.

Sábado e véspera de festivo. Horario continuo 9:00 a 3:00 h

Domingo e festivo. Horario continuo 9:00 a 23:30 h

0 luns aberto a grupos e ceas de empresa a partir das 19:00 h

Uso obrigatorio de traxe de baño e chanquetas. Aforo limitado a 60 persoas cada 90 minutos. Abandonarse a zona termal 30 minutos antes do feche da instalación.

Pozas da Chavasqueira

A carón da Nacional 120 dirección Madrid encontrámonos a *Chavasqueira*, tamén coñecida como *Caldas do Bispo*, polo bispo que as mandou acondicionar. Área termal formada por dúas pozas termais gratuítas, nun contorno axardinado xunto ao río, por riba as termas privadas de estilo xaponés.

Características

Augas de mineralización débil, hipertermais, alcalinas, litínicas, fluoradas, sulfuradas, silicatadas, lixeiramente radioactivas.

Temperatura: de baño 43 °C.

Fonte do Tinteiro

Fonte de uso gratuito situada a 800 metros do núcleo urbano #e a 500 metros da zona termal da Chavasqueira, xunto ao Campo da Feira. A súa orixe é incerta. A primeira referencia documental pertence ao século XVII. Este manancial atrae agüistas de toda a península, constituíndo un lugar sensacional para o paseo e o descanso.

Características

Augas de mineralización débil, mesotermas, alcalinas, sulfuradas, fluoradas, lixeiramente radioactivas.

Temperatura: 44,9 °C



Pozas do Muíño das Veigas

Estas pozas de uso gratuito encóntranse na zona de Quintela de Canedo, a 500 metros da área termal de Outariz. Este espazo conta cunha poza principal de 200 m², unha segunda de 130 m² e outras dúas de 55 e 45 m² a carón dun muíño rehabilitado.

Características

Augas de mineralización débil, hipertermais, alcalinas, fluoradas, silicatadas.

Temperatura: de 65 °C a 72 °C.

Pozas de Outariz e Burgas de Canedo

Estas pozas de uso gratuito para baños ao aire libre encóntranse a uns 3 Km ao oeste da cidade, en Outariz - Canedo.

Área termal acondicionada na marxe dereita do río nun entorno axardinado na que se inclúe bancos de pedra e madeira, duchas con auga fría e quente, e fontes.

Consta de dúas partes: na parte da arriba as **Pozas de Outariz** e na parte de abaixo as **Burgas de Canedo**.

Características

Augas de mineralización débil, hipertermais, alcalinas, fluoradas, silicatadas.

Caudal: manan en dous puntos entre as fracturas da roca granítica, na burga alta e na burga baixa, 14 e 5 l/s respectivamente.

Temperatura: 60 °C.

Termas de Outariz

A carón das pozas de uso gratuito en Outariz, Canedo.

Edificio de dúas plantas de 200 m². Parcela de 400 m² integrada na natureza xunto río Miño.

Servizos

1ª Planta. Recepción, cafetería sushi-bar, salón de té xaponés tatami. Sala multiúsos taichí, ioga, gardería por horas e salón de congresos e celebracións. Vestiarios con capacidade para 180 persoas.

Planta Baixa. Zona termal con ofuros, sauna termal, jacuzzi e toneis de auga fría para contraste térmico. Zona de tratamentos, masaxes de estética, bañeiras, toneis e ofuros de madeira para tratamentos individualizados de algas, lodos e chocolaterapia. #Zona de lousas termais a 50 °C.

Zona Exterior. 10 rotenburos ou vasos termais exteriores con zonas cubertas, chorros de gravidade, spa termal activo, cascata cova ofuro, sauna e ofuros de madeira integrados no bosque.

Zona privada no bosque para celebracións Family Onsen. Capacidade da instalación é de 150 persoas a un tempo.

Fonte de Reza

Situada na parroquia de Santa María de Reza, fronte á Fonte do Tinteiro na marxe esquerda do río. Trátase dunha veta de auga que cruza o río de xeito diagonal, nunha zona onde emerxen augas termais de propiedades similares ás do Tinteiro, cunha temperatura tamén semellante. Encóntranse no contorno do Paseo das Ninfas.

Características

Auga de mineralización débil, mesotermal, alcalina, sulfurada, fluorada.

Temperatura: de 31,5 °C.



Iren das termas

No **tren das termas** pode achegarse aos mananciais e ás termas da marxe dereita do río .

Itinerario de Ida

Praza Maior **P**; Rúa Colón; Posío; Vilar; Barreira; Praza Maior; Paseo **P**; Parque San Lázaro **P**; Habana; Ponte Romana **P**; Ribeiriño; Campo da Feira **P**; Chavasqueira **P**; Paseo Termal; Muíño da Veiga **P**; Outariz **P**.

Itinerario de Regreso

Área Termal de Outariz **P**; Muíño da Veiga **P**; Paseo das Termas; Chavasqueira **P**; Entrada Campo da Feira **P**; Ribeiriño; Ponte Romana **P**; Rúa Concello; Parque San Lázaro **P**; Santo Domingo; Praza do Ferro **P**; Praza Maior; Colón; Posío; Vilar; Praza Maior **P**.

Horario Verán

Ida

Todos os días: 10 h, 11 h, 12 h, 13 h, 16 h, 17 h, 18 h, 19 h, 20 h.

Regreso

Todos os días: 11 h, 12 h, 13 h, 14 h, 17 h, 18 h, 19 h, 20 h, 21 h.

Horario Inverno

Ida

Luns a Venres: 10 h, 12 h, 16 h, 18 h.

Sábados, Domingos e Festivos: 10 h, 12 h, 16 h, 18 h, 20 h.

Regreso

Luns a Venres: 11 h, 13 h, 17 h, 19 h.

Sábados, Domingos e Festivos: 11 h, 13 h, 17 h, 19 h, 21 h.

Máis info:

Transportes Urbanos de Ourense. 988 51 06 72